

Thurston Thompson



Espello venecián, ca. 1700, en Grove House
23 x 17,25 cms. (V&A 32608)

Charles Thurston Thompson e o proxecto fotográfico ibérico

Lee Fontanella

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E COMUNICACION SOCIAL
DIRECCIÓN XERAL DE MEDIOS DE COMUNICACION SOCIAL E AUDIOVISUAL
CENTRO GALEGO DE ARTES DA IMAXE

Coordinación / Coordination

José Luis Cabo

Edición / Edition

Centro Galego de Artes da Imaxe

Durán Loriga 10 baixo

15003 A Coruña-Spain

Deseño / Design

Fase Gráfica

Traduccions inglés / English translations

Faxlingua

Reproduccións fotográficas / Photographic reproductions

Tino Martínez

Victoria & Albert Museum

Impresión / Printing

Font+Diestre

Fotomecánica / Color separations

Teknocrom

Copyright texto / text © 1996 Lee Fontanella

Copyright fotografías / photographs © Arquivo da Catedral de Santiago de Compostela,
Victoria & Albert Museum (Londres)

Copyright edición / edition © 1996 Centro Galego de Artes da Imaxe-Xunta de Galicia

Índice / Contents

CHARLES THURSTON THOMPSON
E O PROXECTO FOTOGRÁFICO IBÉRICO

CHARLES THURSTON THOMPSON
AND THE IBERIAN PHOTOGRAPHIC PROJECT

APÉNDICE I: LISTA DE FOTOGRAFÍAS QUE
DEBE REALIZAR EN SANTIAGO O SR. THOMPSON

APPENDIX I: LIST OF PHOTOGRAPHS TO
BE MADE IN SANTIAGO BY MR. THOMPSON

APPENDIX II: LIST OF ORIGINAL TITLES
OF THE PHOTOGRAPHS IN ENGLISH

DEDICATORIA

Para os moitos galegos cos que mantiven un agradable trato ó longo de máis dunha década.

MENCIONS

Gracias especiais a Christopher Titterington e Mark Haworth-Booth pola súa comprensión e atención ás miñas necesidades mentras estiven traballando no Museo Victoria & Albert. Tamén ó paciente e compracente equipo da biblioteca do V & A, que en moitas ocasións foron máis aló das súas obrigas para facilitárenme os voluminosos, mais de incalculable valor para min, informes de Robinson. D. José María Díaz, canónigo arquivista da Catedral de Santiago, tivo a sabiduría suficiente para reconecer a importancia da presente publicación e permitiu a reprodución das imaxes de Thurston Thompson propiedade do Arquivo Catedralicio. Tino Martínez fixo as excelentes reproducións das fotografías de Santiago que aparecen nesta edición.

CHARLES THURSTON THOMPSON E O PROXECTO FOTOGRÁFICO IBÉRICO

A HISTORIA DE Charles Thurston Thompson como fotógrafo profesional —e a de Thurston Thompson como fotógrafo en Santiago de Compostela en particular— debe observarse desde ángulos diferentes, co fin de apreciar a importancia do seu papel nunha historia xeral da fotografía. Foi, inevitablemente, un súbdito da política do Londres do seu tempo, aínda que el tiña pouco de político. Debémolo considerar como parte esencial do traballo preliminar desa grande empresa do século dezanove que foi a creación do Museo South Kensington (actual Victoria & Albert). Como tal, o seu traballo pode considerarse como un modelo histórico sobresaíente para a fotografía museística.

O mundo vense interesando progresivamente por este tipo de fotografía como xénero en si mesmo. É lóxico, posto que se pode afirmar que este tipo de fotografía ven sendo, ata hoxe, o máximo expoñente da reprodución documental. Como tal, a fotografía de Charles Thurston Thompson comeza a destacar hoxe, case sorprendentemente, como un fenómeno que só pode ser apreciado coa ampla retrospectiva histórica que, por fin, comezamos xa a disfrutar a respecto da fotografía. O esforzo fotográfico tremendamente humilde, case prosaico, que debeu de representar no seu día grande parte da obra de Thurston Thompson sorpréndenos paradoxalmente como case vangarda. Polo menos, cando temos en conta a cantidade de fotografía “tipolóxica” que se cultivou nas dúas décadas pasadas.

É sorprendente que a obra dun fotógrafo, que foi no seu momento tan importante, e que foi tan difundida, poida ter caído nun certo esquecemento. John Physick atribuíu isto ó feito de que Thompson traballou case exclusi-

vamente para o Departamento de Ciencia e Arte e rara vez tivo outros ámbitos nos que practica-la súa arte.¹ Charles Thurston Thompson era fillo dun gravador de madeira, John Thompson, profesión que tamén exerceu el inicialmente. Ós trinta e poucos anos, dirixiu o seu interés cara á fotografía, aínda unha arte nova, e traballou o colodión húmido anunciado por Scott Archer en 1851. Ese mesmo ano, ano de varios avances nos procesos fotográficos, Thurston Thompson tamén axudou a Henry Cole nos aspectos fotográficos da Grande Exposición de Kensington, mentres o seu irmán Richard traballaba como superintendente da Mostra.

Con seguridade foi o enxeño de Henry Cole o que converteu en todo un éxito os anos de proba do Museo de South Kensington. E foi John Charles Robinson (1824-1913), fillo dun director de museo, o que expresou a súa convicción de que na fotografía descansa a promesa dunha difusión da arte utilitarista e educativa, e que, explotando ese potencial, as novas galerías do Museo veríanse fortalecidas. A xulgar por afirmacións dese tipo, parecería que, a mediados dos anos cincuenta do século pasado, o traballo de Thurston Thompson encaixase perfectamente nesa idea, e que o sentido fundamentalmente utilitario do seu labor quedase establecido naquela época inicial do Museo.²

Existe un documento —un deses documentos de valor incalculable que, con seguridade, no seu día foi considerado efémero— que nos proporciona unha boa perspectiva das dotes de Thurston Thompson durante a súa primeira década de actividade formal. En 1864, máis ou menos cando John Charles Robinson, supervisor das coleccións do Museo, estaba a piques de face-la súa primeira xira por Iberia, o Departamento de Ciencia e Arte da Comisión de



LADY HAWARDEN. Charles Thurston Thompson e a súa dona (irmá de Henry Cole). (V&A PH 835.13-1987)

Educación elaborou unha *Price List of Mounted Photographs printed from negatives taken for the Science and Art Department by the Official Photographer, C. Thurston Thompson* [Lista de Precios de fotografías montadas, positivadas a partir de negativos realizados polo fotógrafo oficial do Departamento de Ciencia e Arte, C. Thurston Thompson] (London: Chapman and Hall). Decía que “as solicitudes para obte-los negativos deberían dirixirse á Secretaría, Departamento de Ciencia e Arte, Museo South Kensington, e os encargos de copias dos positivados ó Sr. C. Thurston Thompson, o Fotógrafo Oficial, 7, Gordon Terrace, Kensington.”³ Isto indicaba unha inversión dos dereitos de propiedade. Reflectía un cambio no status que disfrutara quen antes fora fotógrafo por conta propia, que vendía ó museo de South Kensington ata abril de 1859. E representaba, ademais, unha desviación do tipo de acordo que Roger Fenton tiña co Museo Británico, o seu ámbito de actividade fotográfica por encargo.⁴

A *Price List* en cuestión era un catálogo extraordinariamente meticuloso desde un punto de vista descriptivo. Aínda que o seguinte rexistro de contidos non reflicte esa

meticulosidade, dános unha idea sólida acerca da distribución cuantitativa da maioría dos temas que Thompson estivera fotografando moito antes da súa obra ibérica de 1866.

TEMAS FOTOGRAFICOS	NÚMERO DE FOTOGRAFÍAS POR TEMA
— Cartóns de Rafael en Hampton Court	8
— Estudos a partir dos cartóns de Rafael	30
— Debuxos de Rafael	33
— Retratos de Holbein de persoas da corte de Henrique VIII	66
— Retratos da familia Tudor realizados por Richard Burchett	28
— Esmaltes de Limoges, tallas de marfil e obxectos variados do Louvre	85
— Obxectos de cristal e outros materiais preciosos do Louvre	31
— Obxectos variados do Museo de South Kensington e obxectos prestados pola Raíña <i>et al.</i> para exposición temporal	52
— Mobiliario decorativo prestado pola Raíña <i>et al.</i> para a exposición na Grove House	74
— Colección de mobiliario, escultura, bronzes, mayólica, etc. de Soulages	54
— Estudos de árbores	20
— Obxectos do Museo de South Kensington	48
— Armas antigas e armadura	29
— Gravados de ornamentos por ourives, gravadores e decoradores	30
— Escultura italiana do Museo de South Kensington	50
— Debuxos de Turner (o seu <i>liber studiorum</i>); en dúas series	51
— Mostras de préstamo ó Museo de South Kensington para a exposición de 1862; en dúas series	218

En total, 907 fotografías diferentes, oito das cales (os cartóns de Rafael do Hampton Court) podían mercarse en cinco tamaños distintos.

O título das series de fotografías dos cartóns de Rafael de Hampton Court insiste en mostrar que estas fotografías son “tomadas dos orixinais”; non por casualidade, dado que para isto se construíu unha cámara especial e se creou un sistema para fotografar pezas de museo tomadas ó aire libre.⁵ John Physick describe o episodio en profundidade, para que poidamos apreciálo nas súas distintas ramificacións:

O principal logro do estudio fotográfico inicial de Henry Cole estivo en face-las primeiras fotografías dos cartóns de Rafael. Estes, en 1858, estaban no Hampton Court, e Thurston

Thompson encontrouse cunha tarefa de certa magnitude: a luz natural da Cartoon Gallery era moi insuficiente para fotografar. Cole transmitiu o problema ó enxeñoso Capitán de Enxeñeiros Francis Fowke quen, coa axuda de Richard Redgrave, Inspector Xeral para Arte do Departamento así como (afortunadamente para Cole) Supervisor das Pinturas da Raíña, encontrou unha solución. Os cartóns serían baixados un por un —en días adecuados— a través dunha fiestra a Fountain Court, e as fotografías tomadas ó aire libre. Levou moitos meses completa-lo traballo, pois Redgrave non permitía que as pinturas se expuxesen ó máis mínimo risco de mollarse pola chuvia.

Os preparativos de Fowke e a súa supervisión dos Zapadores, a quen se encomendou o traslado dos cartóns, non foron as súas únicas contribucións ó éxito da empresa. Thurston Thompson fora enviado a París con anterioridade, en xullo de 1857, para merca-las lentes adecuadas, e Fowke deseñara a cámara para levar a cabo o proxecto. Este instrumento encóntrase agora destruído, pero debeu de ser unha máquina impresionante, xa que os negativos de Thompson están en vidro groso de 1/4 de polgada, tres pes cadrados, e probablemente foron, naquel tempo, os negativos máis grandes que se fixeran nunca.

Physick sinala que, con toda probabilidade, foron os Zapadores (enxeñeiros militares) os que construíron a cámara nos talleres do Museo. El, por certo, estima que é menor o número de negativos existentes hoxe no Museo Victoria & Albert, aínda que, con razón, calcula que algúns deles están “en condicións dañadas.” A experiencia con estes negativos xigantes nunca debeu de olvidárselle a Thompson. En abril de 1859, cando a relación de Thompson co Museo pasou de ser fotógrafo por conta propia a empregado, o acordo consistiu en que el recibiría un anticipo anual de 100 libras. “Todo o seu labor consistía en facer os negativos e pasarllos ó Museo e ós Zapadores para que os positivasen. Ademais do seu anticipo, recibía un pago adicional de 3 peniques *por cada polgada cadrada* de negativo.” (o subliñado é meu; Physick, p. 10).

Con toda seguridade, o grupo de fotografías que máis nos semella fóra de contexto é o de “estudios de árbores.” Actualmente, o Museo Victoria & Albert conserva 18 fotografías que representan vistas de árbores e campo, con etiquetas como “Beech. Albury Park. Surrey” (num. 32.967) e “Shere Heath. Surrey” (num. 32.965). Presumiblemente, son o equivalente da maioría dos vinte estudos de árbores non detallados na *Price List* do século dezanove.⁶ Certas fotografías deste lote, como as últimas mencionadas, representan un motivo fotográfico en o cerca da finca de Henry Cole, unha coincidencia menor do

que pode parecer a primeira vista, xa que Charles Thurston Thompson casara coa irmá de Cole. Por tanto, Cole tiña un interese directo en protexe-las obras do seu cuñado, ben no museo de Londres, ben fóra.

¿Por que aparece este grupo de 20 fotografías coas outras 887 que representan obxectos de arte? De novo, Physick proporciona información que nos serve de axuda neste dilema. Como resposta á pregunta, entramos tamén na política do museo con respecto á venda e uso da fotografía. Exactamente seis anos antes de que Thompson fose a Iberia para facer fotografías en Portugal e en Santiago de Compostela, Henry Cole falaba ante un Comité da Cámara dos Comúns, constituído para indagar o futuro do Museo South Kensington. A sesión do 5 de xullo de 1860 (según relata Physick) deixa claro que o Departamento Fotográfico do Museo, segundo o punto de vista do Museo, tiña a obriga de facer accesibles a un vasto público as imaxes fotográficas que estaba a conseguir: esto tiña un propósito educativo, pero, para logralo, o Departamento Fotográfico tivo que decidirse a vender. Por unha banda, naquela idea había un aspecto comercial inescusable; pola outra, había un impulso democrático básico subxacente naquelas alegacións. Houbera preocupación polo mal uso de recursos que fixera Thompson na venda privada das vistas de Surrey, pero Cole saíu na súa defensa, declarando que o Departamento evitara fotografar calquera cousa que o público puidese fotografar por si mesmo. Agora ben, a razón pola que a serie de árbores saíu á venda co resto, uns anos despois da explicación de Cole ante o Comité de 1860, pode explicarse polo feito de que as vistas de árbores e campo estaban en terreo inaccesible para o público xeral. Como tales, entraron na categoría de non fotografables, agás por profesionais autorizados, e, por tanto, suxeitas á venda a través da *Price List*.

Tamén é posible que Thompson vise a árbore como monumento artístico ou “arquitectónico”, e así incluído onda outros obxectos artísticos feitos polo home. Se foi así, a súa sofisticación como fotógrafo era grande. Non importa como vexamo-la materia, a cuestión é que estes estudos de árbores se encontran entre as realizacións máis fascinantes de Charles Thurston Thompson. Creo, tamén, que nos preparan para comprender cómo Thompson, varios anos máis tarde, puido mergullarse sen problemas nas monumentais, por veces escénicas, vistas de Santiago de Compostela.



Shere Heath, Surrey; cerca da finca de Cole
24,25 x 28,75 cm. (V&A 32965)

Traballos como o de Thurston Thompson no South Kensington e o de Roger Fenton no Museo Británico marcaron unha política de portas cerradas ó público xeral que houbera desexado fotografiar obxectos na exposición. Aínda así, durante a Exposición Universal de París de 1855, ese mesmo goberno abriu as súas portas a Thurston Thompson para que tomase fotografías de obxectos de arte no Louvre (polo menos 116, a vulgar polo catálogo) e para fotografa-lo interior das salas de exposición da Mostra. Se por una banda, traballaba cun equipo de laboratoristas no Departamento do South Kensington; por outra, Thompson traballaba en París, en 1855, en colaboración con R. J. Bingham (de Chaussée d'Antin, 20, París) facendo fotografías da Exposición Universal. É difícil determinar — mesmo baseándonos nos 117 exemplos conservados no Museo Victoria & Albert— cal foi o fotógrafo que fixo cada fotografía en cada caso. É posible facer algunhas xeneralizacións. Se seguimo-la numeración das series da Exposición de París, por exemplo, vemos que estas non son series de fotografías feitas *por cada un respectivamente*, senón series que combinan os traballos de ambos fotógrafos (ver V & A, X365). Pode resultar correcto dicir que só Bingham estaba presente para fotografa-los aspectos de construción da Mostra; así mesmo fixo fotografías de edificios rematados, aínda que Thompson tamén fixo algunhas destas. Ás veces está moi claro que Bingham ou

Thompson foron autores individuais (ver V & A, X220, onde, dun total de 50, parece haber 10 que levan só a etiqueta de Bingham, a metade están sen etiquetar, e probablemente tódalas demais foran feitas por Thompson). As vistas de París da Exposición, naturalmente, *non* figuran no catálogo de fotografías á venda, aínda que as imaxes parisinas de obxectos do Louvre si figuran.

Outras sorpresas que podemos encontrar no conxunto de fotografías de Thompson do Museo Victoria & Albert, e que non figuran na *Price List* antes mencionada, son vistas exteriores como: a Catedral de Ely (num. 3446-1920), Hampton Court (num. 37.749), o exterior do Museo de Dijon (in X37B), Gore Lane (num. 33.962). A actividade fotográfica que ocupou a maior parte do tempo de Thurston Thompson foi o rexistro de obxectos artísticos. Pero outras fontes mostran —e as coleccións do Museo Victoria & Albert insinúan— que non foi o seu único traballo. *The Atronix Index: Photographs at Auction, 1952-84* (New York: Atronix Date Corp., 1986) rexistra baixo o seu nome, entre outros obxectos, 7 fotografías dos Kensington Gardens, unha vista do Crystal Palace e xardíns (1862), e as súas 12 ilustracións fotográficas para a obra de Andrew Murray *The Book of the Royal Horticultural Society, 1862-63* (London: Bradbury e Evans, 1863). No Harry Ransom Humanities Research Center (Austin, Texas), poden encontrarse tres grupos de fotografías feitas por

Thompson, un dos cales é *A Series of Portrait Miniatures Selected from The Loan Exhibition at the South Kensington Museum in 1865* (Londres: The Arundel Society), demasiado recente para figurar na *Price List*.

No feito de permitir o acceso, a través de fotografías, a un fondo de obxectos artísticos tales como, por exemplo, os cincuenta elementos que representan *The Art Wealth of England* (Londres: P. e D. Colnaghi, Scott and Co., 1862)⁷, non deixa de impresionarnos *qué é* o que se estaba democratizando exactamente. En xuño de 1861, reuniuse un comité dunhas setenta persoas para deseña-la exposición, que se inauguraría un ano máis tarde. A lista incluía nomes importantes como tres Rothschilds, John Murray, Sir Charles L. Eastlake e W. E. Gladstone. Naquel momento, John Charles Robinson era Superintendente de Coleccións de Arte (encargado de levar a cabo a exposición) e Henry Cole era o secretario da Comisión do Consello para Educación. Entre os arredor de 500 doadores de obxectos incluíanse nomes tan importantes como William Stirling, señor de Keir, oito Rothschilds, Lady Eastlake, o Rt. Honorable W. E. Gladstone, Lord Clifford e Lady Radcliffe. (Moitos dos contribuíntes eran mulleres.) Novecentos mil visitantes pasaron de xuño a novembro pola exposición de 9.000 obxectos, e publicouse un catálogo descritivo en tres partes separadas que utilizou para as súas detalladas descrições o catálogo de fotografías feitas por Thompson para o

Departamento de Ciencia e Arte.

Publicacións como *The Art Wealth of England* eran só unha maneira de medi-lo labor que o Museo de South Kensington levava a cabo na súa insistencia en educa-lo público na arte e na ciencia. Aínda que o motivo central —case inexcusable— para Thurston Thompson tiña que estar formado por obxectos británicos e estranxeiros adquiridos por Gran Bretaña, J. C. Robinson foi quen de explora-lo terreo, tanto o autóctono como o estranxeiro, na procura do que podería ser aceptado xustificadamente no Museo. Esta característica do seu departamento foi a que eventualmente o levou ó seu forte interese por Iberia.

Un dos dous historiadores máis impresionantes do proceso polo cal se levou a cabo o proxecto de Santiago, Matilde Mateo Sevilla, narrou a traxectoria dos feitos polos que os españois chegaron a coñece-la súa obra mestra do entón coñecido como estilo Gótico.⁸ Notablemente, John Murray, membro dalgunha das xuntas asesoras do Museo de South Kensington, publicou *Some Account of Gothic Architecture in Spain*, de George Edmund Street, en 1865. Murray fora tamén o impulsor da obra de Richard Ford *A Handbook for Travellers in Spain and Readers at Home* (1845), que chamara a atención sobre o Pórtico da Gloria e se convertera na inspiración e “guía” de Street.⁹ Mateo argumenta con mestría como o interese específico do Pórtico pasou dunha preocupación polo artista que está detrás da obra (Mestre Mateo) —que fora



Exposición de Paris. 1855. Pazo de Belas Artes, entrada principal
18,25 x 26,75 cm. (V&A 33390).

a visión propagada por Antonio Neira de Mosquera a mediados de século— a un interese máis erudito, arqueolóxico e iconográfico arredor do 1866 —representado por José Villa-Amil y Castro [1838-1910; que de feito foi un dos intermediarios de Robinson (ve-lo seu Informe, 22 de maio, 1866)]. Ese importante cambio na maneira de ve-lo Pórtico coincidiu precisamente co seu baleirado en escaiola e é certamente correcto dicir que o Museo compartía a visión máis nova e erudita, menos sentimental e personalista, do Pórtico.

Se Mateo Sevilla delimitou para nós con tanta mestría o inicio dunha conciencia moderna acerca do Pórtico, Malcolm Baker foi o primeiro en traza-la empresa do Museo South Kensington en Santiago de Compostela e en chama-la atención sobre a contribución de Charles Thurston Thompson a dita empresa. Baker aclara que Domenico Brucciani, elixido para levar a cabo o baleirado en escaiola en Santiago, foi, de feito, “o principal produtor de baleirados en escaiola de Londres, que tiña o seu único rival na firma de Giovanni Franchi e fillo.”¹⁰ Brucciani, cunha idade aproximada de 51 anos na época do proxecto de Santiago, foi a elección lóxica para o traballo, pois era ben coñecido en Londres pola súa galería de baleirados, situada en Covent Garden. Brucciani describiu a súa viaxe nunha carta a Henry Cole (febreiro de 1867), tras volver de completa-la súa tarefa (Baker, 106). El e o seu

equipo partiran para España a bordo do buque Murillo o 2 de xullo de 1866. Logo de sufrir unha tormenta, un incendio a bordo do barco e unha corentena en Vigo (“unha localidade que provoca unha descrición abundante en porcalladas e desgracias [...] esta guarida da corrupción”), foron “apresados e apilados con algúns dos peores espécimes humanos que ningún ollo tivera nunca a desgracia de ver.” Tres semanas e media despois da súa partida, o 27 de xullo, chegaron a Santiago, viaxando por terra despois da corentena, pero non sen problemas relacionados coa importación de materiais. (Brucciani non consentiu tornar por mar, senon por terra, unha vez que o seu traballo estivo rematado.) Brucciani tiña de axudante a George Mould, un enxeñeiro supervisor das obras do ferrocarril Santiago-Carril.

O proceso de baleirado levouse a cabo con celeridade, observado pola poboación de Santiago congregada en tropel na Catedral. Entón, dalgún xeito, “difundiuse un informe ridículamente absurdo segundo o cal os *franceses* —como nos chamaban— os ían privar da súa Gloria e custou bastante traballo quitarlles da cabeza aquela ridícula opinión.” Para calma-los seu temores, Brucciani organizou unha exposición dos baleirados que fixera. “Os numerosos fragmentos foron situados en orde arredor da Catedral formando unha pequena Galería de Arte. Ben cedo, ás nove en punto da mañá, chegou o Arcebispo na súa carruaxe tirada por unha parella de boas bestas e coa súa bendición paterna! inaugurou a exposi-



Sala de venda de fotografías no Vello Edificio de Ferro do Museo de South Kensington; exposición fotográfica da Royal Photographic Society, 1858.
29 x 33,5 cm. (V&A 2715-1913).

ción.” (Baker, 106/108, citando documentos orixinais.)

A respecto das fotografías de Thurston Thompson en Santiago, Malcolm Baker atina ó sinalar que un dos aspectos principais do traballo do fotógrafo era tomar imaxes dos elementos contiguos e contextuais do Pórtico; isto é, aqueles elementos que quedaban fóra do traballo de Brucciani.¹¹ E distingue, correctamente, entre os importantes efectos do labor de Brucciani, que culminaron en 1873 coa erección do facsímile do Pórtico nas Salas de Arquitectura do Museo, e, por outra banda, as fotografías de Thurston Thompson, ás que “se lles dera un status e significación independente da súa relación co baleirado a través da súa publicación nun volume da Arundel Society en 1868” (p. 484).

En certo sentido, o “descubrimento” por parte dos británicos da importancia do Pórtico da Gloria pode fundamentarse en fontes como o comentario de Street. Pero había algo moito máis sutil, que tende a quedar sen mencionar, na historia deste “descubrimento.” Isto é, existiu unha competición entre británicos e franceses no nivel puramente comercial das adquisicións —como veremos, polo menos nun caso, neste meu traballo—, pero tamén no nivel menos obvio da estética. Un ten a impresión de que, xustamente porque os franceses eran competidores no terreo das adquisicións, os británicos non estaban dispostos a acepta-la cultura francesa como supremamente meritória a nivel estético e, ás veces, a nivel de importancia histórica. Ó final da primeira viaxe de Robinson a España (22 de xaneiro de 1864) fixo un alto en Poitiers e escribiu ó Museo un comentario detallado acerca da Catedral que alí había. Estaba desesperado porque a Catedral da cidade e as igrexas foran destruídas no século dezaseis (por calvinistas), e de novo en 1789. Pero, fose cal fose a causa, Robinson non puido senón lamentar “a ausencia nestas edificacións de monumentos ou accesorios decorativos cun mínimo carácter escultórico.”¹² Gran Bretaña semellaba impaciente por encontrar en Iberia elementos estéticos e históricos supremos que poñerían fin dunha vez por todas á supremacía potencial de calquera monumento francés. Esta actitude totalista por parte de Robinson debeu de infundir tódalas directrices que lle dira a Thurston Thompson. Así, cando menos, influíu indirectamente en Thompson, se é que non chegou, tamén, a dar forma a toda o labor de Thompson en Iberia.

A actividade de Charles Thurston Thompson na Península Ibérica sae á luz a través dunha lectura minuciosa dos Informes de John Charles Robinson ó Museo South Kensington; noutras palabras, na correspondencia que mantivo con Henry Cole, a xunta de asesores e outros oficiais do Departamento de Educación e Ciencia. A historia do derradeiro gran traballo de Thompson, Iberia, está inevitablemente unida ós Informes de Robinson, polo menos para o ano e medio finais de traballo de Thompson. Aínda que a primeira das tres viaxes a Iberia de Robinson data de setembro de 1863, non sería ata a terceira viaxe de Robinson cando Thompson comezou a figurar de maneira importante nos traballos ibéricos do Museo South Kensington.

As datas das viaxes de Robinson a Iberia foron como seguen: do 22 de setembro de 1863 ó 18 de xaneiro de 1864; de finais de agosto ou principios de setembro de 1865 a finais de novembro de 1865; de setembro de 1866 a principios de decembro de 1866. Na primeira destas viaxes, Robinson non visitou Portugal nin Galicia. Aínda que Thompson non foi a Iberia ata o verán de 1866, está claro que Robinson xa tiña a Thompson en mente como fotógrafo oficial para os proxectos en Iberia polo menos o 16 de outubro de 1865. Nesta data, Robinson telegrafou desde Lisboa á secretaría do Museo South Kensington vinculando a Thompson co proxecto de Santiago que el xa estaba planeando.

Robinson só parecía perde-lo tempo nas ocasións nas que se encontraba fisicamente incapacitado, como estivo ó comezo da súa estadía no Hotel Braganza de Lisboa. El, outro compañeiro e o seu mensaxeiro español, Matías Balcón, viaxando por terra durante dous días entre Porto e Lisboa, foron sacudidos por un “ataque de diarrea bastante serio.” (Parte do interese estilístico dos informes de Robinson radica en que son prosaicamente explícitos acerca dos momentos de enfermidade física ou malestar e nas expresións de desgusto e intolerancia por certos aspectos de Iberia.) Tamén o 16 de outubro, día en que comezou a funciona-lo telégrafo, Robinson escribiu a Londres, expresando a necesidade de prepara-lo camiño para a inevitable visita de Thompson. O rei consorte de María II, Don Fernando, dera permiso para que alguén fotografase “certa parte” dos principais obxectos artísticos da súa colección privada. Con isto, Robinson comezaría a facer un rexistro das pezas da colección merecedoras de ser fotografiadas, e tamén solicitaría permiso para reproducir

electrotípicamente entre 20 e 30 obxectos da colección. Tal foi o seu entusiasmo que case se sentiu tentado a telegrafar a South Kensington “para que envíen inmediatamente ó Sr. Thurston Thompson, pero pensandoo mellor semellaba haber moitas dificultades que impedían esa rápida acción.”

De feito, había unha razón de peso para que un atraso nese momento fose unha vantaxe para Thompson. En Madrid había 1.000 casos de cólera, que se espallara a algunhas localidades portuguesas. Por esta razón, os vapores que saían de Inglaterra tiñan que estar en corentena ó chegar a Lisboa, e os pasaxeiros que chegaban de Southampton tiñan que quedar en cuarentena no peirao durante cinco días antes de abandona-lo barco. O fotógrafo sabía que fora requirido para o traballo e unha semana máis tarde, o 23 de outubro, decidiuse que se enviaría un fotógrafo oficial “a Lisboa e cidades de España.” Aínda así, dous días despois disto, o día 25, Henry Cole informou: “o Sr. Thompson non será enviado de momento.”

Robinson conseguiu facilita-la futura viaxe fotográfica de Charles Thurston Thompson a Portugal. A mediados de outubro, Robinson encontrouse co *chargé d'affaires*, Edward Robert Bulwer Lytton (1831-1891), cónsul en Lisboa desde 1864 e fillo do novelista Edward George. Pero sobre todo, comezou a relacionarse co Marqués de Sousa-Holstein, fillo do Duque de Palmella. Este “xove nobre do máis alto rango, a quen parece ser encomendada a administración de tódolos asuntos relacionados coas Belas Artes en Portugal”, era un amante da pintura e fora nomeado Viceinspector da Academia Portuguesa de Belas Artes. Ese status acabaría facendo del o individuo designado para facilitar tódolos obxectos a Thompson en Portugal.

Curiosamente, nese mesmo ano, Robinson chegaría a decatarse de que, tanto para España como para Portugal, a Academia era o medio para conseguir tódalas licencias que puidese precisar co obxecto de reproducir obras artísticas para o South Kensington. Desde Madrid, o 23 de outubro de 1866, Robinson escribiu:

A independencia das autoridades catedralicias en España é de tal magnitude que non abondaría con acudir a elas a través das canles oficiais directas (aínda que isto *sería* requisito, en forma de solicitude do noso Embaixador en Madrid ó Ministro español “de Gracias y Cultos”). Sen embargo, existe en Madrid outro órgano autorizado, que podería superar tódolos atrancos; este é a “Real Academia de San Fernando.” Esta academia ven sendo unha institución moi augusta, con pouco máis que funcións nominais; os académicos son principalmente grandes per-

sonaxes da corte e os artistas están en franca minoría. De todos modos, ultimamente houbo intentos de reanimar esta institución, e recentemente conseguiu exercer unha especie de supervisión semioficial sobre tódolos monumentos antigos e as obras artísticas públicas do país. Tamén se están a nomear correspondentes e comisións locais nas cidades de provincias.

Robinson apunta máis adiante que Santiago de non haber presentado o asunto da moldura do Pórtico da Gloria ante unha comisión da Academia de San Fernando, “o Cabido de Santiago habería acabado por retirar o seu permiso.” Robinson, sempre interesado en facerse resaltar a si mesmo como o eixe arredor do cal xiraría calquera éxito concebible en Iberia, apresurouse a apuntar que os amigos persoais que tiña na Academia eran Carderera (Valentín Carderera y Solano; 1776-1880) e Madrazo (Federico de Madrazo y Kuntz; 1815-1894). A idea era, por suposto, que, sen os seus contactos persoais, a Academia podería decidir que non ó asunto do Pórtico e, por tanto, o Cabildo de Santiago habería retirado inevitablemente o permiso para face-los baleirados de escaiola. Isto podería non ser unha completa esaxeración. Realmente, Robinson estivera en tratos con Madrazo a finais de decembro de 1863 e a principios de xaneiro de 1864, cando o primeiro andaba cos preparativos para que Jane Clifford fixese reproducións do que hoxe chamamos os Tesouros de Dauphin, e Madrazo era director das Galerías Reais. Para facer máis forte a relación entre South Kensington e a Academia de San Fernando, Robinson consentiu en entregar ó consello da Academia para a súa discusión “unha carta ou memoria oficial acerca da moldura e reprodución en xeral.” De feito acabou sendo nomeado membro da Academia. Se aceptamos literalmente o que di Robinson, os seus xestos tiveron gran repercusión, pois cara ó final da súa segunda viaxe a Iberia, estaba totalmente convencido de que “fagamos o que fagamos no futuro en materia de reprodución en España, será co beneplácito” da Real Academia de San Fernando.

Con estas sospeitas desde principios de 1864, quedou loxicamente impresionado e gratificado ó coñece-lo Marqués de Sousa-Holstein en Lisboa. O 14 de novembro de 1865 o Marqués informara a Robinson de que “todas e cada unha das obras de arte de Portugal están enteiramente á nosa disposición para reproducilas por calquera método.” Para prepara-la visita de Thompson, Robinson comezou a facer bosquejos dalgúns obxectos que el quería reproducir, e “tomou nota de case todo o importante a este res-

pecto” das coleccións públicas e privadas de Portugal.

Por unha parte, a presunción que xacía tras tal observación —que en cuestión dun mes Robinson fose capaz de ver, estudar, e rexistrar descriptivamente “case todo o importante” ¡de tódalas coleccións portuguesas, públicas e privadas!— é abraiante. Considerado desde outro punto de vista, houbo algo no achegamento de Robinson que debeu de funcionar, e foi esa cualidade a que finalmente levou a que Thompson viaxase a Iberia. Como dixó Robinson:

A súa Maxestade o Rei Rexente, Don [sic] Fernando, foi moi amable e condescendente. Mostroume en varias ocasións tódalas obras de arte que posúe a Coroa Portuguesa, e a súa Maxestade está moi *desexoso de que enviemos un fotógrafo a quen el daría todo tipo de facilidades.*

Os Informes non indican con precisión cando se enviou a Iberia a Charles Thurston Thompson. Entre a determinación de Cole de envialo tan axiña, a finais de outubro de 1865, e o momento en que volvemos ter noticias da empresa de Thompson por boca de Robinson, hai moitos meses de diferenza. O que é obvio a partir da lectura do informe é que con anterioridade ó 3 de setembro de 1866, Thompson xa se encontraba en Portugal, presumiblemente fotografando os tesouros das coleccións de alí. A nota de Robinson do 3 de setembro dirixida ós oficiais do Museo é de grande importancia para os nosos propósitos, dado que marca o comezo de todo o traballo fotográfico de Thompson en Santiago de Compostela. Pero tamén é útil con respecto á cronoloxía dos acontecementos. Debemos concluír de aquí que Thompson estaba en Portugal en agosto, e que chegou a Santiago de Compostela entre o 27 de xullo (cando chegou Brucciani) e o 3 de setembro, xa que a nota do 3 de setembro indicaba que Thompson escribira ó Museo sinalando que sería mellor interrompe-lo seu traballo en Lisboa, asistir á cita fotográfica de Santiago e despois tornar a Lisboa para finaliza-lo seu labor alí.

Ademais da lista de instrucións sobre como fotografar, ás que chegaremos axiña, a nota de Robinson do 3 de setembro está chea de advertencias. Thompson debeu ir a toda présa a Santiago para alcanzar ó Sr. Brucciani (que estaba dirixindo o baleirado do Pórtico) antes de que éste marchase. (É unha maneira de estima-lo momento da finalización das obras no Pórtico.) Ó mesmo tempo, alguén debeu de escribir a Brucciani a Santiago para que éste escribise a Thompson a Lisboa, para chegar a verse con el.



Monasterio de Batalha. Capela Imperfeita, pórtico de entrada.
26,5 x 22,25 cm. (V&A 59599).

O Sr. Thompson tropezaría con problemas no norte de Portugal, pensou Robinson —quen o ano anterior viaxara por terra de Porto a Lisboa— e tivera que conseguir un intérprete, “un servente de viaxe,” en Lisboa, para ir cara o norte a Santiago. El non podería beneficiarse dos servizos do mensaxeiro de Robinson, Matías Balcón (da madrileña rúa dos Negros), porque Balcón decidira tornar a Madrid o 28 de agosto. Tanto máis, a necesidade apremiaba. Robinson consideraba o norte de Portugal case bárbaro; Thompson precisaría axuda para comunicarse e para a equipaxe e o equipamento, xa que ía sobrecargado.

Segundo as estimacións de Robinson, Thompson non era tan bo comunicador coma el mesmo fora o ano anterior. Non quería que parase en Braga nin en Guimarães de volta a Lisboa desde Santiago, “xa que o Sr. Thompson non parece ter aínda establecido relacións co Marquis de Souza [sic], como para ter negociado o permiso para poder fotografar nestas localidades.” Deixando á marxe máis dun comprensible toque de celos pola diplomacia de calquera que superase a súa propia, Robinson di prever “dificultades maiores do que quizais os resultados xustificarian tendo en conta as circunstancias.” Tampouco quería que

Thompson tomase fotografías en Évora nin en Viseu, pola razón mencionada. Ata novas ordes, Thompson, na súa volta a Portugal, ía centrarse só en Lisboa, Coimbra, Porto e Batalha, renunciando a tódolos demais lugares.¹³ Deste modo, Robinson expresaba unha dúbida acerca de realizar fotografías nos lugares que el prohibira, porque lle preocupaba por fotografar en lugares que non fosen favorables ó medio fotográfico. (Esta lóxica volvería xurdir máis tarde nos Informes, no contexto dun posible traballo en Burgos.) Fixo especial fincapé, sen necesidade, en que, cando documentara certos elementos, “pensei en reproducilos mediante *debuxo manual*, non mediante fotografías”. Aínda sen ser fotógrafo, Robinson presumía de dictaminar o que se podía e o que non se podía conseguir nas localizacións ibéricas desde o punto de vista técnico.

Robinson parecía rexeitar sempre o éxito posible dos demais e erixirse el, no seu lugar, como principal motor dos acontecementos, mesmo mentres a súa posición estratéxica estivo en Londres, e non no estranxeiro:

[...] cando o Sr. Thompson volva de Santiago, e reinicie as operacións en Lisboa, as súas experiencias de andar cos seus equipos por esas terras agrestes e a natureza das relacións, que despois dunha longa estada, dese establecido, capacitarano para facer un informe tan detallado do seu progreso e das dificultades ás que se houbo de enfrontarse, como para determinar con toda certeza a cuestión de ata onde chegar nas súas operacións.

Máis adiante, a resistencia de Robinson a que Thompson continuase acabaría por manifestarse na cuestión das fotografías a facer en Burgos, pero non de inmediato.

O comunicado de Robinson do 3 de setembro continúa a significativa “lista de fotografías para facer en Santiago polo Sr. Thompson.” Tras recibila, un funcionario do Museo, o Sr. Poole, considerou necesario facer dúas copias: Unha para enviar a Lisboa, directamente a Thompson; a outra, por se acaso, para enviar a Santiago, vía Brucciani. Dese xeito, Thompson sabería, pola unha ou pola outra, qué facer en Santiago segundo o que Robinson lembraba desde o setembro anterior. Noutras palabras, a lista significaba que Robinson confiaba máis, aínda sen ser fotógrafo, nos seus recordos dun ano para atrás que nos xuízos do fotógrafo profesional, mesmo estando o fotógrafo no lugar.

As directrices que Robinson deu a Thompson supoñen un irónico, pero moi importante, documento de fohistoria. Por esta razón, aparecen reproducidos na súa totalidade como apéndice a este texto. As súas implica-

cións en relación á motivación artística, independencia, autoexpresión, a vontade do fotógrafo e, finalmente, o contido da imaxe fotográfica *en canto* arte, son enormes, e son apreciables tanto directamente como polo que se infire dese documento.

É imposible contar as fotografías, compaxinándolas unha por unha con aquelas directrices, aínda que nalgúns é doado detectar que proveñen das instrucións de Robinson. En principio, Robinson non podía haberse imaginado que Thompson puidese fallarlle. O só feito de que Thompson fose quen de facer fotografías no interior da Catedral xa tería satisfeito e convencido a Robinson, que era un grande escéptico nestes asuntos. O 18 de decembro de 1866 escribiu:

En xeral, os interiores dos monumentos arquitectónicos en España son *todo* e os exteriores teñen pouca importancia. Ademais, unha gran cantidade de *vistas exteriores pintorescas* xa as tomaron fotógrafos residentes en España, e cada día hai máis. Así que non considero que sexa necesario manter ó Sr. Thompson en España para facer fotografías de *exteriores*.

Pero con respecto ós *interiores*, a cuestión é complicada. Non podería esaxerar a importancia de acometer [?] ou procurar fotografías dos mestres da escultura, ornamentacións relixiosas [?], que abundan en toda cidade antiga da Península. A única dúbida é se nestas condicións de semiescuridade que predomina en case tódalas igrexas españolas *é posible, dalgunha maneira, realizar fotografías satisfactorias*.

Unha vez vistas as fotografías do Sr. Thompson de Santiago, Coimbra e Batalha, serei quen de precisar máis as miñas recomendacións para as súas misións futuras.¹⁴

Burgos foi unha das primeiras cidades que Robinson visitou cando foi a España por primeira vez en setembro de 1863. Nunca o esqueceu. Mentres que a historia ibérica de Robinson case comeza en Burgos, a historia ibérica de Thompson finaliza, dalgún xeito, con Burgos. Na segunda viaxe de Robinson, cando estaba pensando en regresar a casa (17 de outubro de 1865), escribiu desde Lisboa que Brucciani tería que reunirse con el en Burgos cando Brucciani entrase no país. El esperara conseguir de Brucciani unha estimación do que custaría reproducir certos temas en Burgos, mesmo antes da viaxe de Brucciani a Santiago, dado que en Burgos a obra artística tiña un carácter diferente que en Santiago de Compostela. O 14 de novembro de 1865 Robinson telegrafara ó Museo South Kensington dicindo que chegaría a Burgos arredor do día 15, e que o Sr. Brucciani tiña que ir alí directamente desde Inglaterra para reunirse con el no Hotel del Norte. O disci-

plinado Brucciani partiu a mañá do venres día 14.

Deberon de encontrarse un tempo pésimo a finais de novembro, xa que trece meses máis tarde Robinson dubida se Thompson debe pasar por Burgos na súa viaxe de volta desde Santiago, ou facer outra viaxe a aquel lugar nun futuro. Desde un punto de vista tanto artístico como técnico, o apropiado sería que Burgos fose a seguinte aventura. O 18 de decembro de 1866 Robinson escribiu:

Recomendaría que Burgos fose o próximo lugar ó que enviar ó Sr. Thompson, e podería facilitarlle unha lista exhaustiva de fotografías e puntos de vista que habería que tomar alí, pero case todas serían *vistas interiores* da Catedral, igrexas, conventos da cidade. Mesmo así, todos estes edificios son *tan escuros* que considero que só se poderían face-las fotos *coa axuda de luz artificial*.

[...]

Sería moi conveniente elixir Burgos como seguinte localidade, pois está na liña do ferrocarril, no camiño á casa do Sr. Thompson, pero desgraciadamente nesta época do ano sería un lugar sumamente desagradable. O clima é horroroso, peor que o de Inglaterra nesta época do ano. Atréveríame a dicir que nestes momentos é permanente a chuvia, o vento, a brétema e a neve.

Conforme ó que escribe, Robinson sopesa os pros e os contras do traballo de Thompson en Burgos na súa viaxe de volta a Inglaterra, e acaba por desestimalo. Un aspecto positivo da parada en Burgos sería a boa reputación da que gozaban os ingleses diante das autoridades de Santiago. Esas autoridades poderían contribuir a conseguílos permisos necesarios para traballar en Burgos, razoa Robinson. Por outra parte, precisamente porque Burgos representaba a necesidade de traballar no interior de edificios, Robinson razoa que sería mellor que Thompson regresase a Londres, para informar alí acerca das “posibilidades de conseguir boas fotografías en lugares escuros e comezar de novo en España, ben na primavera ou a principios do outono do ano seguinte.” Nunha palabra, Robinson conclúe dándose por vencido: no sur de España podería levarse a cabo unha campaña fotográfica no inverno, pero el teme que, precisamente no sur de España, a cuestión do permiso para operar dentro das catedrais “implicaría moitas dificultades.”

Polo tanto, a máis dos seu traballos en Portugal e en Santiago, Thompson case chegou a entrar noutro proxecto de proporcións considerables: Burgos. E con respecto a outros proxectos secundarios do seu labor en Portugal e Santiago xurdiu outro que nada tiña que ver coa fotografía,

senón coa museoloxía; é dicir, un que formaba parte esencial dos aspectos máis secretos das funcións dos museos. O 12 de setembro de 1866 Robinson escribiu un memorándum desde o seu despacho de Londres ó Sr. Poole, do Museo, para informa-lo de que se dispoñía a volver a España (na súa terceira viaxe). Recomendou que Charles Thurston Thompson non saíse de Lisboa para Santiago sen asegurarse de que se enviasen os “mobles de Blumberg” ou, polo menos, se cargasen no tren para envialos a Inglaterra. Non era, nin moito menos, a clase de tarefa que Thompson esperaría cando o destinaran a Portugal e Santiago. Era, de feito, un asunto que obsesionara a Robinson case desde que comezara a conseguir algunhas das súas adquisicións de museo a través de Blumberg, a finais de 1865.¹⁵ Cando, a finais de 1865, Robinson deixou o asunto por un tempo, o Museo xa tiña na súa posesión unha cruz xaponesa e pequenas molduras esmaltadas; pero aínda se agardaba un envío de 165 libras (prezo de compra e transporte de quince pezas de mobiliario, incluíndo un armario e a súa restauración, e cadeiras sol-



Santiago. Catedral: Pórtico da Gloria; interior. 28,3 x 22 cm.
(Arquivo Catedral de Santiago)

tas). Un tal Sr. Van Zeller, ó que Robinson dera instrucións para o seu transporte, non levava a cabo o embarque. Robinson esforzouse na primavera por entrar en contacto con Blumberg por correspondencia, aínda que non sospeitaba que puidera ter ocorrido nada terrible, xa que o achacaba “ós hábituais retrasos deste individuo” (é dicir, Blumberg). Robinson acabou sabendo polo encargado de negocios en Lisboa, Bulwer Lytton, que un banco ó que Blumberg debía diñeiro se apropiara das pezas pagadas durante a viaxe de Robinson en 1865. Ó mesmo tempo, cando a nota de Robinson a Poole, Bulwer Lytton debeu de convencer ó banco para que renunciase ás pezas inglesas, e logrou que fosen carregadas nun barco con destino a Inglaterra.

Se se le entre liñas neste asunto de Blumberg, un comeza a ver motivos ocultos para que Robinson puidese sentirse nervioso; a parte, por suposto, de que o Museo non recibira as compras que fixera. O 21 de setembro de 1866, con Robinson partindo inmediatamente (e inevitablemente) cara a España, soubo que as pezas de Blumberg se encontraban nun barco “a piques de entrar no Canal”. Fixo unha petición para que o cargamento, unha vez descargado do barco, permanecese, sen ser aberto, nas mans dos Srs. MacCraken para el poder examina-la factura á súa volta. Robinson explica detalladamente como incluíu algunhas compras persoais no cargamento, e xustificaas baseándose en que a súa cualidade non se axustaba ó Museo e en que, ademais, xa esgotara os fondos que tiña asignados polo Museo cando realizara as súas compras persoais.

Podería parecer que Robinson se saíu coa súa neste asunto, aínda que a sospeita se reaviva o 1 de xaneiro de 1867. Aparentemente, as pezas de Blumberg incluían dez armarios taraceados procedentes de Portugal que eran de Robinson, xa que foran “mercados despois de esgotar os fondos do Museo,” volveu recalcar. Recomendou que o Museo mercase dous deles (por 29 libras, máis 2 libras por gastos de transporte), unha recomendación enganosa, dado que tres meses antes declarara que as pezas que el comprara particularmente non tiñan a cualidade necesaria para o Museo. Por unha razón ou outra, en xaneiro de 1867 Robinson non estaba sendo tratado polo Museo (é dicir, por Cole) como estaba afeito a que o tratasen. Xusto despois de regresar da súa terceira viaxe por Iberia, Henry Cole anuncioulle que xa non podería dispoñer dun despa-

cho para o seu uso exclusivo, como viña facendo. Resistíndose, Robinson escribiu, desde a súa residencia no número 16 de Pelham Crescent, que o uso exclusivo dese cuarto estaba estipulado no seu contrato, que durante os catorce anos que levaba traballando alí sempre o tivera. Aínda así, accedía a ceder este espazo temporalmente, sempre e cando puidese ter unha mesa para o seu uso exclusivo na biblioteca.

Resulta difícil saber se foi a natureza do cargamento de Blumberg, ou outras compras á parte do cargamento, o que desagradou ós administradores do Museo (posto que había pezas destas características) ou simplemente porque Robinson estaba deixando de gustar, o caso é que acabou sendo destituído por Cole. Fose o que for, chegados a este punto, Iberia deixou de ser importante, aínda que o legado fotográfico de Thompson foi posto á disposición do Museo de moi diversas formas, sendo a máis práctica das cales servir como punto de referencia para a comparación cualitativa entre compras futuras e as pezas rexistradas fotograficamente en Portugal. Por exemplo, nos informes do 24 de xaneiro de 1867 encontramos: o Sr. Woodgate de Holborn posúe “unha desas rarísimas bandexas de prata dourada da primeira platería portuguesa, do mesmo tamaño e período que as [...] na colección da S. M. Don [sic] Fernando de Portugal, que foron fotografadas polo Sr. Thompson.” Noutra ocasión, para rexeitar unha proposta de venda ó museo, Robinson recorda (23 de maio de 1867) que son dunha clase “común”, pois “vin moitas pezas similares, tanto en España como en Portugal, pero non as considereí o suficientemente valiosas como para que pagase a pena mercalas (aínda que fose a prezos moito máis baixos que o que pedían polas pezas que nos ocupan).”

Ás veces xustificando as súas opinións en referencia ás fotografías de Charles Thurston Thompson, Robinson, como procurador do South Kensington, viuse claramente a el mesmo como o experto ibérico permanente. Podía sentirse, a consecuencia do tempo dedicado a Iberia, que hubiera renunciado a outros mercados e culturas, xa que el planeara pasar un tempo de vacacións en Francia, en agosto de 1867, e quedar en París traballando para o Museo unha vez que rematara as súas vacacións. Henry Cole pediulle que engadise á súa viaxe os lugares seguintes, nos que podería “recoller fotografías de tódalas obras ornamentais pertencentes ás localidades”: Dantzig,

Quedlingburg (Harz), Elsen no Rhin, Halberstadt, Hildesheim, Schleswig Dome (Alterblatt) e Ilseburg. É interesante especular con que non atoparía nestes lugares, se cadra, o peculiar arrecendo dun período cultural que tanto confiara en atopar no Pórtico da Gloria en 1865.

Xa vimos que Robinson tiña unha mala opinión do norte de Portugal. En xeral, a súa actitude con respecto a España era similar desde a súa primeira viaxe. O 6 de decembro de 1863 Robinson propúxose partir ó día seguinte para Guadix, Baza, Lorca e Murcia. Xa estivera retido en Sevilla durante varios días por mor dun forte catarro que collera na súa viaxe a través da *sierra*. Iso explica por qué non se trasladara a Lisboa durante a primeira viaxe; ademais “fora informado de que había pouco ou nada que ver” en Lisboa. El sabía que indo cara a Murcia a viaxe sería lenta, por mor das montañas, o que provocou nel un comentario que chegaría a converterse nunha constante dos seus informes: “[...] necesítase un tempo interminable” para os tratos en España. Medio mes máis tarde (o 1 de xaneiro de 1864), estaba ansioso por concluí-lo traballo. A súa saúde era mala. Encontrábase canso. “O perigoso clima de Madrid” causáralle “inflamación de gorxa e conxestión.”

Con respecto a España (deixando Portugal a un lado), pode que houbera outra razón, a parte das inclemencias do tempo e da saúde, pola que Robinson preferiu ir a París en setembro de 1867. Sen embargo, se especulamos neste sentido, lémbremo-lo que nos di o 22 de xaneiro de 1864: pasou máis tempo en España que en ningún outro país, e non o consideraba un tempo perdido. Xa temos escoitado cousas acerca dos momentos baixos e as decepcións das viaxes de Robinson.

Foi cara ó final da súa terceira viaxe cando as circunstancias da vida real, e non as climáticas, afectaron irreparabilmente, na miña opinión, á súa experiencia ibérica. Durante o mes comprendido entre o 6 de setembro e o 5 de outubro de 1866, Robinson sentiuse acosado por un tal Sr. Baur de París, que aparentemente ía en dirección Lisboa-Madrid: “[...] e atreveríame a dicir que pronto haberá unha tribo de franceses en Madrid” (6 de setembro). Robinson ansiaba adquirir un cofre de marfil do século X, feito para un califa, pero estaba curto de diñeiro. Mentres agardaba por recursos, e temendo que Baur lle seguise a pista e intentase puxar máis alto que el, valoraba ó español co que el pensaba que fixera un trato sobre o cofre: “[...] a falta

total de confianza por parte dos españois con respecto ós negocios con estranxeiros.”

Se o seu vendedor de Madrid tivese aproveitado a situación deberíase posiblemente á desastrosa situación política e económica que atravesaba España nese momento. Tamén Robinson era consciente disto; de feito, tratou de sacar partido. Estas eran, realmente, as condicións baixo as que el e Thompson traballaban a principios de setembro de 1866, aínda que o problema debeu ser menor para o fotógrafo, dado que, conforme Robinson declaraba o 22 de xaneiro de 1864, as autoridades eclesiásticas españolas son “en xeral moi liberais e amables” e as consideraba “dispostas a facilitar máis que a impedi-las miñas observacións e investigacións.”

6 de setembro de 1866:

... as condicións tanto de Francia como do norte de España dificultaron a comunicación en tódalas direccións. [...] este país está en semi revolución, o diñeiro desapareceu, [...] O'Donnell [Leopoldo O'Donnell y Jorris, Conde de Lucena e Duque de Tetuán, 1809-1867] confiscou a cuarta parte do salario anual de todo o clero español e, a consecuencia disto, van vender mesmo as súas sotanas e mitras [...] e calquera obxecto minimamente artístico, ou saldrá á superficie calquera cousa pola que podan conseguir un chelín.

Na mesma misiva menciona ó Arcebispo de Toledo e, dalgún xeito, síntese abraiado de que “*el* teña cousas que vender.” O 13 de outubro, Robinson practicamente acababa de recuperarse (no Hotel Central de Madrid) do que chamaba “neumonía de Madrid.” Un tal Sr. Miró, que non era outro que o tallador de pedras preciosas de Isabel II, ofrecelle actuar como mediador nunha taxación de once “antigos tapices” deseñados segundo os cartóns de Rafael gardados en Hampton Court (sete) e no Vaticano (catro). Foran conservados nun convento dominico de Loeches, preto de Madrid, e foran levados alí polo propio Duque de Alba, que os depositara nese palacio/convento de mediados do século dezasete onde o Conde Duque de Olivares se retirara trala súa caída do poder. O Sr. Miró sentíase optimista coa compra inglesa dos tapices, a causa da “miseria, especialmente a das corporacións eclesiásticas nese momento.” (O 23 de outubro o consello do Museo decidira non presentar unha oferta polos tapices.) Os tapices poderían quedar pequenos ó lado doutro asunto que Robinson barallaba na súa cabeza antes de partir para Inglaterra: “[...] teño información de boa tinta de que o célebre

tesouro de ‘Nuestra Señora del Pilar’ en Zaragoza [...] sería cedido polo cabildo por unha cantidade suficiente [...]”.

Non hai dúbida de que a estancia de Robinson en Iberia foi agridoce. Podemos supoñer que o foi menos para Thurston Thompson, para quen prefixara tantas actividades e amañara tanto o terreo, que a súa estadía sería menos complicada. O 30 de maio de 1866 Robinson escribiu:

Estou máis convencido que nunca de que este país aínda é rico en obras de arte, agachadas por todas partes neste vasto territorio sen explorar, pero é necesario un grande desembolso de tempo e paciencia para atopalas. O tempo que pasei en Madrid non o gastei en balde e non me arrepinto da miña longa estadía aquí, por moi desagradable que fose.

E concluíu esa carta a Londres coa seguinte xeneralización acerca de España:

Desgraciadamente, é necesario un tempo interminable para calquera tipo de negociación, tódolos españois están dotados dunha inercia e unha lentitude innata e habitual, para a que non queda outra alternativa que deixarse levar. Por outra parte existe unha total ignorancia do valor e o mérito das obras de arte, e é evidente para min que só aquí, é dicir, en España, hoxe en día, onde aínda quedan obras de arte por descubrir.

Non me consta unha opinión de Charles Thurston Thompson sobre o mesmo punto en base á súa experiencia ibérica. Mesmo resultoume difícil segui-lo rastro da súa

actividade durante o derradeiro ano e medio da súa breve vida de tan só 52 anos. Morreu nalgunha data dos primeiros meses de 1868, xa que se lle dá como falecido nos libros de rexistro do Museo South Kensington o 7 de maio dese mesmo ano. É mágoa que Thompson nunca chegase a ve-la publicación do libro coas 20 fotografías resultantes do seu labor en Santiago:

Examples of Art Workmanship of Various Ages and Countries. *The Cathedral of Santiago de Compostella* [sic] in Spain. Showing especially the Sculpture of the Pórtico de la Gloria, by Mestre Mateo. A Series of twenty Photographs recently taken by the late Mr. Thurston Thompson. Under the Sanction of the Science and Art Department, for Use of Schools of Art and Amateurs. London: Published by the Arundel Society for Promoting the Knowledge of Art. 24, Old Bond Street. Sold by Bell and Daldy, York Street, Covent Garden. 1868.

Con seguridade, este volume saíu antes de finais de setembro de 1868 (pero moi posiblemente a principios dese mes), xa que os libros de rexistro do Museo proban que o día 21 se enviaron dúas copias ó museo.

Antes, o 18 de marzo, o Museo rexistrara un grupo de 86 fotografías de Santiago, sen dúbida trátase das mesmas 86 imaxes que constitúen o lote “completo” existente hoxe en Santiago, onde seleccionamos a maioría das que van a toda páxina neste libro. Pero isto ten pouco que ver coas 20 que figuran no libro da Arundel Society, e certa-



Santiago. Catedral: Hospital de Peregrinos, pazo episcopal e parte da fachada oeste da Catedral
31,2 x 39,8 cm.
(Arquivo Catedral de Santiago)

mente pouco que ver coas “mil fotografías de detalles” (!) mencionadas por Bernardo Barreiro en 1888 (Mateo Sevilla, “El descubrimiento...”, 457). Baseándonos nesa referencia do 18 de maio, que non pode aceptar como mera coincidencia de números coa colección de Santiago, eu diría que ese grupo de 86 fotografías debe considerarse como o grupo oficial, aínda que, como ocorre en tódolos casos deste tipo, de cando en vez, pode aparecer unha imaxe “allea” no canto de outra. Parece que hoxe en día o Museo Victoria & Albert só ten 60 das 86 que atopamos no álbum de Santiago de Compostela que utilizamos (deixando á marxe a publicación da Arundel Society de 1868). De feito, unha das vistas de lonxe da Catedral, que aparece no libro da Arundel e se conserva como unha fotografía solta na Biblioteca Nacional de Madrid, non está entre as 86 de Santiago. Non é mais que un exemplo, aínda que hai poucos.

Os libros de rexistro tamén nos din que o 18 de marzo de 1868 chegaron ó Museo dous grupos de 306 fotografías cada un, reproducións fotográficas feitas por Thurston Thompson de obras arquitectónicas e obxectos artísticos españois e portugueses que se conservaban nos palacios de Lisboa. Menos de dous meses despois, o 2 de maio, chegaban ó Museo tres grupos de fotografías de obras arquitectónicas e obxectos artísticos españois e portugueses (grupos de 301, 140 e 58 fotografías cada un deles); con seguridade, repeticións das entradas do 18 de marzo. (É certo que as 90 fotografías de Thurston Thompson que entraron no Museo o 29 de setembro eran en parte copias dos primeiros grupos.) O 7 de maio, data na que se mencionaba a súa morte, rexistráronse dous grupos de 20 fotografías cada un deles: ambos grupos estaban constituídos por vistas de Batalha (Portugal).

Estes feitos ofrecen unha certa perspectiva para coñece-lo proceso do proxecto ibérico nas súas últimas fases, aínda que non nos deixa unha impresión totalmente clara do que debeu de se-la actividade de Thompson durante o derradeiro ano da súa vida. (Presumiblemente, non realizou el tódalas copias dos seus negativos, senón que se serviu do equipo formado con anterioridade no Museo.)

Hai que chama-la atención sobre tres fotografías pertencentes ó Museo V & A (Caixa XM76: 3451-1932, 1452-1932, 3453-1932), que mostran a exposición do Pórtico no seu estado de montaxe por pezas.¹⁶ Son tres foto-

grafías que, segundo os libros de rexistro, foron entregadas ó Museo o 22 de maio de 1868 (despois da morte de Thompson). Paréceme posible que estas puidesen non ser as fotografías de Thompson, senón as dunha fotógrafa, J. A. Cowper, que foi a persoa que as cedeu ó Museo en maio. Aínda que a que mostra o tímpano da entrada central ten certo interese, as dúas que mostran as arquivoltas esquerda e dereita chaman a atención polo seu contexto museolóxico: cristais que contrastan coa reprodución da pedra pre-gótica, unha marca escrita en inglés, etc. Son pezas fascinantes e a súa significación última ten que ver coa incorporación (¡o arroupo!) dun pre-Gótico estranxeiro doutra época nos confins protectores (¡absorbentes!) dun Museo de Londres do século dezanove. Mellor do que o fan as imaxes do propio Thompson, estas imaxes rexistran o anómalo do esforzo imperialista. Implican anacronismo e desviación cultural, sen importa-lo inocuas que sexan, ou a medida en que poidan servir ó público xeral, mesmo hoxe. Estas imaxes, aparentemente discretas, posúen unha contextualidade que non é común a tódalas fotografías realizadas por Thurston Thompson en Santiago, e moito menos ás súas reproducións de obxectos artísticos en xeral. É esa contextualidade o que nos lembra con precisión o que fixera o Museo South Kensington cando se lle encomendara a Brucciani o labor de face-los baleirados. En certo modo, a súa interesante contextualidade está na base da súa natureza anómala, e convértese, logo, en imaxes clave na historia de Thurston Thompson, foran ou non feitas por el.

E, séxano ou non, representan o inseparable da ciencia e da arte na época de Thurston Thompson. A lóxica do Museo está alí, na marca explicativa e na luz da fiestra; nas etiquetas moi descritivas e ben documentadas que aparecen con frecuencia nas publicacións que utilizaban as fotografías de Thompson.¹⁷ Non nos sorprendería que esta lóxica levase directamente das publicacións á *Price List* de 1862 xa mencionada. De feito, o propio xeito de ofrecer as fotografías de Thompson por parte do Museo para a súa venda é un indicativo da mesma mentalidade que, obviamente, confundía ciencia con arte. Este clasicismo fundamental, esa base estratificada en 1- admiración, 2- reprodución (imitación), e logo 3- a exposición ordenada constituía a premisa dos traballos de Thurston Thompson.

Nas fotografías de Thompson faise evidente, naquelas que teñen unha mínima ou nula contextualidade, que el é

en primeiro lugar un fotógrafo documentalista. O seu punto de partida foi, principalmente, a obra de arte fotografada, e non a propia fotografía, en e por si mesma. A representación era a forza motivadora que se agachaba detrás da súa fotografía desde o comezo, e raramente saía Thompson destes límites. (A serie de Surrey alude a unha desviación da norma.) Pero para que isto sexa así, debemos recoñecer que a técnica fotográfica debeu de ser tan importante para Robinson como a obra que fotografaba. Isto faise evidente nas súas vistas interiores, que tanta aprensión causaran a Robinson, tendo Thompson que encargarse de convencerlle da súa viabilidade. Aínda que pasase desapercibido, a actitude do fotógrafo está en perfecta harmonía co destino docente e libresco das fotografías de Thompson. Non son obxectos fotográficos para ser apreciados como fotografías; son fotografías para ver, *a través*, directamente o obxecto que está sendo fotografado. A falta de contextualidade axuda á consecución deste obxectivo, e tamén o feito de que Thompson traballase como funcionario cun traballo prefixado. Se cadra, isto nunca foi máis evidente como na misión de Santiago (ver Apéndice I).

En certo modo, isto cuestiona o carácter artístico de Thurston Thompson (á parte da técnica, se é posible). Cando depende tanto do que fotografía; cando o seu punto de vista está tan dirixido ó fotografar eses temas; cando a contextualidade é con frecuencia indesexable ou inadmisíble; cando a responsabilidade do fotógrafo pode ser, ás veces, moito menor que a que do fotógrafo que non traballa por encargo, entón, ¿ata que punto é ese fotógrafo un artista? En parte, a resposta pode estar no grao no que consideremos que os aspectos *técnicos* da fotografía constitúen *a arte e o aspecto personal* da fotografía. Noutras palabras, debe de estar no grao en que desexemos ser clásicos e non románticos, por citar —moi apropiadamente para a ocasión— un cisma de case douscentos anos de idade.

De feito, no caso das fotografías de Thompson en Santiago, a primeira vista parece tremendamente irónico que enviasen a Thompson a fotografar nesa cidade. É dicir, se, teoricamente, se considera que a reprodución en escaiola é considerada igual ó orixinal, ¿por que non agardar a fotografa-la reprodución no Museo de South Kensington? ¿Cal é a importancia de fotografar *in situ*, a non ser no caso de que o contexto orixinal constituía a base

da o principal argumento? Se a intención do coleccionista é destruí-lo contexto no que existira o obxecto orixinal reproducido, separando o obxecto do seu contexto e trasplantándoo a outro, entón ¿por qué enviar a Thompson a Santiago?¹⁸ ¿Foi entón Santiago secundario a Portugal, onde as obras de arte dos palacios reais non se puideron mover de lugar para fotografalas? Puido ser. Pero, se así foi, e a case século e medio de distancia, entón debemos ter en conta que a miúdo ansiamos ver o contexto orixinal para mellor entender o obxecto fotografado. Vista así, a recuperación fotográfica do contexto orixinal dunha obra de arte é un xeito de devolver esa peza ó seu lugar de procedencia; de non obrígala por máis tempo a mante-lo seu status de apropiación, senón de deixala quedar no seu lugar orixinal.

Nunha especulación deste tipo aparecen fondas implicacións culturais e políticas. Por exemplo, ¿é o acto da recolección outra face do imperialismo, cando as coleccións son inxentes e proceden do estranxeiro? Tamén existen profundas implicacións artísticas. Unha das máis importantes para o caso de Thurston Thompson ten relación co que eu chamaría os límites da documentación. Noutras palabras, ¿que podería ser, en tempos de Thompson, máis documental que a reprodución dun obxecto non contextualizado en si mesmo; que falase por si mesmo; que estivese simplemente alí, como se non estivese sendo mediatizado pola fotografía? Esta é, posiblemente, unha cuestión moi difícil para os que asociamos estreitamente as nocións de documentación e *compromiso* social. Pois o tema de Thompson era, case sempre, a arte, que para moitos é unha maneira de escapar do compromiso social, e con seguridade é así cando a materia artística carece dun referente social ben definido.

En realidade, a documentación completa e a necesidade imperialista de restablece-la orde onde foi desfeita conxúganse na obra de Thurston Thompson, e en outros que axudaron a construí-lo seu mundo profesional, como J. C. Robinson. (En España pode encontrarse certo paralelismo na obra de J. Laurent, a xulgar por boa parte do seu traballo.) A misión de ambos consistía na fragmentación do mundo e a súa posterior recomposición (o seu rexistro e recomposición ordenada) baixo o patrocinio do Museo South Kensington¹⁹. O coñecido comentario de Susan Sontag acerca de que a fragmentación fotográfica é un medio de apropiación é un pensamento que nos perseguirá

ó írmonos internando na obra de Robinson e Thompson²⁰. Pero debemos ter igualmente presente, se consideramos a Thompson individualmente, que este fotógrafo de arte, no desenvolvemento do seu propio labor, foi, por irónico que resulte, un dos mellores documentalistas fotográficos. Hoxe, a obra de Thompson debería sernos útil para promover novas revisións das nosas definicións de documento e, o máis difícil de todo, novos criterios para establecer estrictamente os puntos de unión entre a expresión artística e documental mesmo prosaica, entre arte e técnica e entre invención e imitación.

NOTAS

1. Ver John Physick, *Photography and the South Kensington Museum* (London: Her Majesty's Stationery Office, 1975), 1. Desde un punto de vista bibliográfico, o libro de Physick é esencial. O presente estudio fai un amplo uso deste traballo, dado que mostra, sobre todo, os rexistros da Biblioteca do Museo Victoria & Albert, coñecidos como os Informes (J. C.) Robinson.

2. Virginia Dodier, experta en Lady Hawarden, suxeríume xenerosamente outro aspecto importante na obra de Thurston Thompson: a súa asociación profesional coa Vizcondesa Hawarden. Virginia Dodier descubriu tanto na Biblioteca Victoria & Albert como no Harry Ransom Humanities Research Center da Universidade de Texas (Austin) o anuncio da súa asociación, que indica o prezo dos seus retratos profesionais (unha guinea; probas extra, cinco chelíns cada unha) e a súa conexión coa Female School of Art. Dodier tivo tamén a amabilidade de comunicarme en xuño de 1988 que as fotografías de Thurston Thompson do álbum de Cole do Museo Victoria & Albert as fixera Lady Hawarden.

3. Exemplo excepcional desta práctica queda evidenciado nos fondos do HRHRC de Austin, Texas: unha carta de "D.G. Rosetti", datada o 5 de xullo de 1865, enviada desde o nº 16 de Cheyne Walk, Chelsea, e dirixida a "C.T. Thompson, Esq." A carta completa di:

"Querería 12 copias máis de *Mary Magdalene* e 12 da [?] *Escena* en canto lle sexa posible. Quedaría moi agradecido se amablemente me fixese saber cando podo contar con elas; pois tiven moitas peticións e teño prometidas copias ós amigos.

Creo que ten vostede un negativo dun debuxo meu da familia Borgia con 2 nenos bailando. Querería 6 copias deste tamén.

Non sei se vostede fotografiou para min un debuxo a pluma e tinta que representa a 2 amantes que se encontran coas súas aparicións ou dobres nun bosque. Se en efecto o fixo, querería 6

copias desta tamén.

P.S. As últimas probas da fotografía da Magdalena non eran tan finas como as anteriores, non tan profundas e ricas de cor."

4. Physick, 8-10. Curiosamente, Thompson tamén fixo ó principio fotografías no Museo Británico. O HRHRC de Austin, Texas, conserva unha carta (17 de outubro de 1856), asinada polo bibliotecario xefe do Museo Británico, notificando a recepción do regalo que Charles Thurston Thompson fixera ós fideicomisarios do Museo Británico (probablemente a modo de autopublicidade): "[...] fotografías tomadas por Thurston Thompson de deseños orixinais depositados no Museo Británico, viz.: cabeza dun vello, de Leonardo da Vinci; cabeza de perfil, de Angelo Gaddi; cabeza da Magdalena, de Roger Van der Weyden."

5. Esta non era a primeira vez que se fotografaban ó aire libre pezas de museo. John Hannavy [*Roger Fenton of Crimble Hall* (Boston: David R. Godine, 1975), 40-41] describe cómo, no verán de 1857, Roger Fenton, do Museo Británico, fotografaba bustos do Museo ó aire libre, salpicándoos enxeñosamente con arxila seca para evita-los fortes reflexos.

6. A diferenza da maioría do resto das pezas da *Price List*, os estudos de árbores non están listados e descritos individualmente, co que a comparación das fotografías existentes unha por unha resulta difícil, se non imposible.

7. Unha copia está no Harry Ransom Humanities Research Center (Austin Texas), e é case equivalente á que está rexistrada no catálogo do Science and Art Department de fotografías de Thompson como "A series of Fifty Specimens in the Special Loan Exhibition at the South Kensington Museum in 1862." O HRHRC posúe tamén a publicación de Santiago de Compostela de 1868 feita pola Arundel Society e *A Series of Portrait Miniatures Selected from the Loan Exhibition at the South Kensington Museum in 1865* (London: Arundel Society), con 49 fotografías.

8. "El descubrimiento del Pórtico de la Gloria en la España del S. XIX," en *Simposio internacional sobre "O pórtico da Gloria e a arte do seu tempo"* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1988), 457-477.

9. Matilde Mateo Sevilla, *El Pórtico de la Gloria en la Inglaterra victoriana: la invención de una obra maestra* (Santiago de Compostela: Ministerio de Cultura/Museo Nacional de las Peregrinaciones, 1991), 34-39.

10. "A Glory to the Museum: the Casting of the 'Pórtico de la Gloria'", no *The V & A Album*, I (1982), 104.

11. "The Establishment of a Masterpiece: The Cast of the Pórtico de la Gloria in the South Kensington Museum, London, in the 1870's," en *Simposio internacional sobre 'O Pórtico da Gloria e a arte do seu tempo'* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1988), 484.

12. Ironicamente, á luz do antes mencionado, críticos e historiadores dos nosos días como James D'Emilio e Michael L. Ward, respectivamente, encontran no Pórtico variantes estilísticas que inclúen "un vocabulario ornamental de orixe foráneo y, máis particularmente, borgoñón", e un "nárteix a la Borgoña" ["Tradición local y aportaciones foráneas en la escultura romá-

nica tardía: Compostela, Lugo y Carrión,” e “El Pórtico de la Gloria y la conclusión de la Catedral de Santiago de Compostela”, ambos en *Simposio internacional sobre ‘O Pórtico da Gloria e a arte do seu tempo’* (A Coruña: Xunta de Galicia, 1988), 83-90 e 43-47].

13. Parece que en xeral Thompson seguía estas direccións. Era lóxico, xa que se as súas dietas só lle chegaban ós poucos, como lle sucedía ó propio Robinson: por petición periódica e conforme as súas necesidades. As pezas almacenadas no Museo Victoria & Albert (antes South Kensington) fannos a supoñer que Thompson levou a cabo unha considerable cantidade de traballo en diferentes lugares de Lisboa e nos seus arredores: os Palacios de Necesidades e Ajuda; o convento de Belem; o mosteiro de Tomar e o castelo de La Penha en Sintra. Tamén existen evidencias que demostran que fixo fotografías en Batalha. E tamén fixo dabondo en Coimbra: o convento de Santa Cruz; a Universidade; a Catedral. Non hai evidencia de que traballase en Oporto, e isto pode explica-las saídas a lugares como Sintra e Tomar. En calquera caso, teríamos que asumir que Thompson seguiu as liñas que tan insistentemente lle marcara Robinson. Non vexo evidencia de que existise labor fotográfico ningún en Évora, Braga ou Viseu; aínda así, existe unha fotografía (V & A 303-1931) tomada na Igrexa de Nossa Senhora de Oliveira (Guimaraes) que podería estar feita por Thompson, pero non é seguro.

14. Ó menciona-las vistas exteriores, Robinson estaba a pensar, case con certeza, en Charles Clifford, J. Laurent e L. L. Masson; posiblemente tamén en Reynoso. Desde a súa primeira viaxe a España (1863), Robinson foi conseguindo moitas fotografías destes fotógrafos e, por suposto, escribe nunha ocasión acerca do status preeminente que ocupan entre os fotógrafos.

15. Blumberg foi só un dos catro comerciantes que Robinson utilizou como intermediarios para adquirir pezas para o South Kensington. Os outros foron Tavares, Cardozo e Silva.

16. O facsímile do *Pórtico*, como sabemos, non puido contemplarse ata 1873, cando se abriron as Architectural Courts (Baker, “A Glory...”, p. 108).

17. A obsesión pola documentación era evidente non só no propio Museo senón tamén nas publicacións de fotografías de Thompson sobre obras de arte en museos. Por exemplo, a publicación de 1862 feita por Chapman e Hall, na que se mostran as obras da escultura italiana existentes no Museo de South Kensington, ofrece: unha páxina enteira para cada unha das pezas “expostas” (en cada páxina exhibese unha); datos descriptivos pertinentes para cada unha das pezas representadas; o artista/deseñador de cada peza; a procedencia de cada peza; o século ó que pertencía; e, cómo non, a localización actual da peza (obviamente, sempre o Museo South Kensington). A copia que tiven ocasión de ver pertence a Santiago Saavedra y Ligne (Madrid): *Italian Sculpture of the Middle Ages and Period of the Revival of Art. A Series of 50 Photographs...* (London: Chapman e Hall, 1862).

18. Este argumento é desenvólveo ata certo punto por Mar Villaspesa, citando a Walter Benjamin. (“El coleccionista o la mirada turbadora” / “The Collector or the Disturbing Look”, en *Photovisión*, nº 24.)

19. Un artigo moi intelixente que toca estes puntos é

“Procedimientos de archivo” / “Filing Procedures” de José Ramón López, en *Photovisión*, nº 24.

20. *On Photography* (New York: Farrar, Straus e Giroux, 1977).

**CHARLES THURSTON
THOMPSON AND THE
IBERIAN PHOTOGRAPHIC
PROJECT**

THE STORY OF Charles Thurston Thompson as professional photographer—and of Thurston Thompson as photographer in Santiago de Compostela in particular—must be seen from different angles, in order to appreciate the enormity of his role in a general history of photography. He was inevitably a subject of the politics of the London of his day, although he was hardly a politician. We should rightly consider him as part and parcel of the very groundwork of that grand nineteenth-century enterprise, the inchoate South Kensington Museum. As such, his work may be taken as an outstanding historical model for museum photography.

The world has grown increasingly interested in this type of photography as a genre unto itself. Understandably so, for it is arguable that this type of photography has been, up to the present, the ultimate test of documentary replication. As such, the photography of Charles Thurston Thompson comes to the fore today, almost surprisingly, as a far-seeing phenomenon which can only be appreciated with the broad historical retrospective that we have at last begun to enjoy with respect to photography. The strikingly unpretentious, almost pedestrian photographic effort that much of the work of Thurston Thompson must have represented in its day paradoxically strikes us in our own time as almost *avant garde*. It does, at least, when we consider the amount of “typological” photography that has been cultivated in the past two decades.

It is surprising that the work of a photographer who was once so prominent, and which was so broadly diffused, might have fallen into relative oblivion. John Physick has attributed this to the fact that Thompson worked almost exclusively for the Department of Science and Art and

scarcely had other locales in which to practice his art.¹ Charles Thurston Thompson was the son of a wood-engraver, John Thompson, and initially a wood-engraver himself. In his early thirties, he shifted his attention to photography, still a young art, and worked in the wet-collodion medium announced by Scott Archer in 1851. That year, a year of several advancements in photographic processes, Thurston Thompson also assisted Henry Cole with the photographic arrangements at the Great Exhibition in Kensington, while his brother, Richard, worked as superintending officer at the Fair.

It was surely Henry Cole’s bold ingeniousness that made a success of the test years of the South Kensington Museum. And it was John Charles Robinson (1824-1913), himself the son of a museum director, who expressed his conviction that in photography rested the promise of a utilitarian, educational diffusion of art, and that to tap that potential would be to tout the new Museum galleries. To judge by assertions of this sort, it would appear that by the mid-1850s, Thurston Thompson had his work cut out for him, and that the fundamentally utilitarian tenor of his work was set in the early stages of the Museum.²

There exists a document—one of those invaluable documents which in its day was surely viewed as ephemeral—which affords us considerable insight into the accomplishments of Thurston Thompson during his first decade of formal activity. In 1864, around the time when John Charles Robinson, overseer of the Museum’s collections, was to make his first tour in Iberia, the Science and Art Department of the Committee of Council on Education issued a “Price List of Mounted Photographs printed from negatives taken for the Science and Art Department by the

Official Photographer, C. Thurston Thompson” (London: Chapman and Hall). It was telling that “applications for obtaining the Negatives should be addressed to the Secretary, Science and Art Department, South Kensington Museum, and orders for copies of the positives to Mr. C. Thurston Thompson, the Official Photographer, 7, Gordon Terrace, Kensington.”³ For this was an indication of an inversion of rights of ownership. It reflected the altered status that the once freelance photographer had enjoyed, selling to the South Kensington Museum until April 1859. And it represented, as well, a departure from the kind of arrangement that Roger Fenton had with the British Museum, his locale of assigned photographic activity.⁴

The “Price List” in question was an unusually meticulous catalogue in its descriptive quality. While the following registry of its contents does not reflect that meticulousness, it does give us a solid idea about the quantitative distribution among the majority of subjects that Thompson had been photographing well prior to his Iberian work of 1866.

PHOTOGRAPHIC SUBJECTS	QUANTITY OF PHOTOGRAPHS PER SUBJECT
— Cartoons of Raffaele at Hampton Court	8
— Studies from the Cartoons of Raphael	30
— Drawings by Raphael	33
— Holbein portraits of persons at the Court of Henry VIII	66
— Portraits of the Tudor family executed by Richard Burchett	28
— Limoges enamels, ivory carvings, and miscellaneous objects in the Louvre	85
— Crystal objects and other precious materials in the Louvre	31
— Miscellaneous objects in the South Kensington Museum and objects lent for temporary exhibition by the Queen <i>et al.</i>	52
— Decorative furniture lent by the Queen <i>et al.</i> for the 1853 exhibit at Grove House	74
— Soulages collection of furniture, sculpture, bronzes, majolica, etc.	54
— Studies of trees	20
— Objects in the South Kensington Museum	48
— Ancient arms and armour	29
— Engravings of ornaments by goldsmiths, engravers, and ornamentalists	30
— Italian sculpture in the South Kensington Museum	50
— Turner drawings (<i>his liber studiorum</i>); in two series	51

— Specimens on loan to the South Kensington Museum for exhibition in 1862; in two series 218

This totaled 907 different photographs, 8 of which (the cartoons by Raphael at Hampton Court) could be purchased in any one of 5 different sizes.

The heading for the series of photographs of the Raphael cartoons housed at Hampton Court is very mindful to show that these photographs are “taken from originals”; not surprisingly, since these were the ones for which a special camera was constructed and a method for photographing museum pieces *en plein aire* devised.⁵ John Physick describes the incident sufficiently, so that we can appreciate it in its various ramifications:

The major achievement of Henry Cole’s early photographic studio was the taking of the first photographs of the Raphael Cartoons. These, in 1858, were at Hampton Court, and Thurston Thompson was faced with a task of some magnitude, as the natural light in the Cartoon Gallery was quite insufficient for photography. Cole put the matter to the ingenious Captain of Engineers, Francis Fowke, who, with the cooperation of Richard Redgrave, the Department’s Inspector-General for Art as well as being (luckily for Cole) Surveyor of the Queen’s Pictures, found a solution. The Cartoons would be lowered one by one —on suitably fine days— through a window into Fountain Court, and the photographs taken in the open air. The work eventually took many months to complete, as Redgrave would not allow the paintings to be exposed to even the slightest risk of being caught in a shower of rain.

Fowke’s arrangements and supervision of the Sappers, to whom the moving of the Cartoons was entrusted, were not his only contributions to the success of the enterprise. Thurston Thompson had previously been sent to Paris in July 1857 in order to buy a suitable lens, and Fowke designed the camera to fit it. This instrument is now destroyed, but it must have been a formidable piece of apparatus, as Thompson’s negatives are on 1/4 inch thick glass, three feet square, and were, at the time, probably the largest negatives ever made.

Physick points out that in all likelihood, the Sappers (military engineers) built the camera in the Museum’s workshops. He understates, incidentally, the number of negatives extant today in the Victoria & Albert Museum, although he does correctly assess that some are “in a somewhat battered condition.” The experience of these gigantic negatives must have remained with Thompson. In April 1859, when Thompson’s relation to the Museum was altered from freelance photographer to employee on retainer, the arrangement was such that he would receive an

annual retainer fee of 100 pounds. “All he had to do was to make the negatives, passing these to the Museum and the Sappers for printing. Besides his retainer, he received additional payment at the rate of 3d. *for every square inch of negative*” (underscore mine; Physick, p. 10).

Surely, the group of photographs that most strikes us as out of context is the “studies of trees.” Currently, the Victoria & Albert Museum holds 18 photographs which are views of trees and countryside, with labels such as “Beech. Albury Park. Surrey” (num. 32.967) and “Shere Heath. Surrey” (num. 32.965). Presumably, they are the equivalent of the majority of the 20 non-itemized, undescribed “Tree studies” in the nineteenth-century “Price List.”⁶ Certain photographs in this suite, such as the latter mentioned, represent a photographic occasion on or near the very estate of Henry Cole —less of a coincidence than it may offhand seem, since Charles Thurston Thompson had married Cole’s sister. So, it was in the indirect interest of Cole to protect his brother-in-law’s undertakings, whether in the London Museum or off-site.

Why does this group of 20 photographs appear alongside the other 887 which represent art objects? Again, Physick provides information that helps us out of this quandary. In responding to the question, we also touch upon the Museum’s legislated policy with regard to the sale and use of photography. Precisely six years before Thompson would go to Iberia to photograph in Portugal

and Santiago de Compostela, Henry Cole spoke before a Select Committee of the House of Commons, established to inquire into the future of the South Kensington Museum. The July 5, 1860 session (as reported by Physick) makes it quite clear that the Photographic Department of the Museum, in the eyes of that Museum, had an obligation to a vaster public to make available the photographic images it was securing: these were for educational purposes, but in order to be so on any but the smallest basis, the Photographic Department had to venture into sales. On the one hand, there was an inescapable commercial aspect to the suggestion; on the other, there was a fundamental democratizing impulse behind the above claims. There had been a concern about Thompson’s misuse of resources in the private sale of the Surrey views, but Cole came to the defense, claiming that the Department avoided photographing anything that the public was able to photograph on its own. Now, why the tree series appeared for sale along with the rest, just a few years after Cole’s explanation before the 1860 Committee, may be explained by the fact that the views of trees and countryside were on terrain inaccessible to the general public. As such, they fell into the category of unphotographable, except by the appointed professional, thereby subject to sale through the “Price List.”

It is also possible that Thompson could see a tree as an artistic or “architectural” monument, thereby include it



From the 1857 series of 54 Drawings by Raffaele: “Abraham Offering Up Isaac”, in the Royal Collection at Windsor. 14,5 x 34,5 cm. (V&A 34075)

